

Fibra, Móbil GB ilimitados e módulo Pro

Teléfono fixo, fibra 500 megas, 2 liñas de móbil GB ilimitados + chamadas ilimitadas e módulo Pro por 39,9 €/mes (32,97 €/mes sen IVE) durante 12 facturas. A do mes de activación e máis 11.

Esta oferta comporta unha permanencia de 12 meses.

Prezo despois da promoción 45,9 €/mes (37,93 €/mes sen IVE).

O módulo Pro para cliente negocio inclúe chamadas a fixos e móbiles, Experto dixital 24x7, Ciberseguridade Pro e 10 GB na nube e 7000 minutos de chamadas de fixo a móbiles nacionais.

Fibra e Móbil 50 GB

combo internet + móbil 50 GB: teléfono fixo, fibra 500 megas e 2 liñas de móbil 50 GB + chamadas ilimitadas por 43,9 €/mes (36,28 €/mes sen IVE) prezo final.

Inclúe 7000 minutos de chamadas de fixo a móbil.

Proba Fibra 1 Gb

Nos *packs* con Fibra 500 Mb podes gozar de Fibra 1 Gb a prezo de 500 megas durante as 3 primeiras facturas, a do mes da activación do servizo e máis 2. O desconto do primeiro mes ratéase en función da data de activación. A partir da cuarta factura, se decides ficar coa velocidade de 1 Gb, o prezo incrementarase en 10 € máis ao mes (8,26 €/mes sen IVE).

Liñas adicionais

En todos os *packs* con Fibra e Móbil o prezo da segunda liña de móbil é de 1 €/mes, desconto promocional Indefinido. Esta segunda liña terá o mesmo contido de minutos e xigas que a principal. Se precisas máis liñas, podes contratar 3 liñas adicionais por 3 €/mes (2,48 €/mes sen IVE) cada unha durante as 12 primeiras facturas, a do mes da activación do servizo e máis 11. O desconto do primeiro mes ratéase en función da data de activación. Despois da promoción, o prezo destas liñas será o aplicable na oferta converxente vixente (tarifa con chamadas ilimitadas e 5 GB por 5 €/mes (4,13 € sen IVE), con chamadas ilimitadas e 25 GB por 6 €/mes (4,96 € sen IVE), con chamadas ilimitadas e 50 GB por 9 €/mes (7,44 € sen IVE), con chamadas e xigas ilimitados por 9 €/mes (7,44 € sen IVE). Estas promocións só están dispoñibles para portabilidades.

Instalación

O custo da instalación do servizo de fibra é gratuíto se ficas polo menos os meses da permanencia indicada en cada promoción. Se te dás de baixa antes, terás que asumir un importe de 242 € IVE incluído (200 € sen IVE) (non rateable), en concepto de custo de instalación. O compromiso de permanencia comeza a ser aplicable dende a data da instalación.

WiFi Mesh

Wifi Mesh inclúe un amplificador wifi intelixente en modalidade de alugueiro cun custo mensual de 4 € (3,31 € sen IVE). Os clientes con Fibra, Móbil e TV dispoñen dun desconto do 100 % nesa cota. Cota de alta de pagamento único de 15 € (12,4 € sen IVE) o primeiro mes. En caso de deixar de cumprir as condicións da promoción, non se aplicará o desconto. En caso de baixa do servizo, cómpre devolver o equipamento.

Módulo Pro

para cliente negocio inclúe servizo de Experto dixital 24x7, Ciberseguridade Pro, 10 GB na nube, 7000 minutos a móbiles nacionais e un bono de 100 minutos de chamadas internacionais.